



CIRCULAR INFORMATIVA 16/2025

1. PROGRAMA DE CAPACITACIÓN EN COMPETENCIAS DIXITAIS (UP-Red.es)

Dende o CGAE infórmannos da posta en funcionamento do Programa de capacitación en competencias dixitais de Red.es e Unión Profesional, que formará máis de 80.000 profesionais e que está liderado polo propio CGAE. Orientado á dotación de competencias dixitais mediante diferentes modalidades (presencial, telemática, híbrida), este programa contará cun bloque común de 40 horas, que se impartirá a todos os profesionais inscritos e, ademais, cun bloque de específico de 110 horas adaptado a cada consello autonómico, co obxectivo último de mellorar a calidade dos servizos que se prestan á cidadanía.

Dado que algunhas destas sesións formativas terán que ser impartidas por parte da avogacía, o CGAE solicitou aos colexios da avogacía a súa colaboración para identificar compañeiros e compañeiras expertas en materias do ámbito dixital e da intelixencia artificial (IA), que poidan actuar como formadores dos módulos. Para isto, abrimos un **prazo ata o 15 de setembro, ás 12 h**, para que os colexiados/as que cumpran este perfil de especialización e estean en disposición de impartir os módulos específicos dirixidos á avogacía (tanto presencial como en liña) o comuniquen.

As solicitudes poderán enviarse á conta de correo st.gerente@icasantiago e nelas indicaranse os seguintes datos: nome e apelidos; correo electrónico; teléfono móbil; módulo no que é especialista; breve indicación curricular sobre a materia. As solicitudes recibidas serán remitidas ao CGAE.

Os **módulos** para os que se precisan formadores poden consultarse nesta ligazón:

- [Módulos](#)
- [Máis información](#)

2. BOLSAS DE ASISTENCIA ÁS XIII XORNADAS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO: LUGO, 22-24 DE SETEMBRO

Ante a próxima realización das XIII Xornadas contra a Violencia de Xénero que se levarán a cabo os días 22, 23 e 24 de setembro en Lugo, a Xunta de Goberno, na sesión do 09.09.2025, acordou a aprobación de 10 bolsas de 300 euros destinadas aos letrados e letradas do servizo de asistencia e asesoramento a vítimas de violencia de xénero deste colexio. Estas bolsas teñen como finalidade axudar a sufragar os gastos de asistencia (desprazamento e estancia) a estas xornadas, que se consideran de especial interese para potenciar a formación continua específica na materia (esixida pola normativa vixente).

Bolsas e importe: 10 bolsas de 300 €

Solicitudes: por escrito á conta icajuzgado@icasantiago.org, ata o 17 de setembro, ás 14 h

Adxudicación: por orde de recepción das solicitudes

Dirixidas a: letrados/as do servizo de asistencia e asesoramento a vítimas de violencia de xénero



CIRCULAR INFORMATIVA 16/2025

Aboamento: a partir do 25 de setembro, unha vez que se xustifique debidamente a matrícula e a asistencia ás xornadas.

Máis información en: <https://jornadasvg2025.mastercongresos.com/inscripcion.asp>

3. OUTROS ACORDOS TOMADOS NA ÚLTIMA XUNTA DE GOBERNO DO 09.09.2025

A Xunta de Goberno, na sesión do 09.09.2025, tomou os seguintes acordos:

1. **Lista especial de xuízos rápidos dos xulgados de instrución de Santiago.** Acordouse que a partir do 01.10.2025 a lista especial de asistencia a xuízos rápidos nos xulgados de instrución de Santiago de Compostela incluírá tamén o Xulgado de Instrución Núm. 3 desta cidade, ao celebrar tamén xuízos rápidos os martes.
2. **Taxacións de custas: partida de responsabilidade civil nas custas dun procedemento penal.** Acordouse establecer como criterio que ao minutar as custas dun procedemento penal “aspecto civil” se tome sempre como base as cantidades estimadas na sentenza (se esas cantidades fosen satisfeitas previamente e non figurasen estimadas na sentenza, non poderán incluírse nas custas). No caso de que a acción civil se desestime integramente, o letrado da defensa (para custas) poderá tomar como base as cantidades solicitadas polo Ministerio Fiscal e, a falta destas, as que solicite a acusación particular.
3. **Censo de colexiación.** Aprobáronse cinco incorporacións (3 exercentes e 2 non exercentes).
4. **Queixas contra centros de detención.** Tomouse recibo para estudar dúas queixas contra a actuación dos centros de detención en relación coas chamadas a letrados de asistencia a persoas detidas e asistencia a vítimas de violencia de xénero.
5. **Solicitud de amparo.** Tomouse recibo para estudar unha solicitude de amparo en relación cos atrasos nos procedementos de execución nun xulgado do noso ámbito territorial.
6. **Solicitudes de cambio de letrados de oficio.** Resolvéronse dos expedientes de solicitudes de cambio de avogado/a de oficio.
7. **Informes de honorarios.** Aprobáronse 26 informes de honorarios para taxacións de custas (22 sobre materia bancaria e 4 sobre outras materias). No que vai de ano, aprobáronse 360 informes de honorarios, dos cales aproximadamente o 90 % versaron sobre materia bancaria.